



ANEXO III

2018/CP/092

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**AXUDA**

Referencia: Convenio de I+D+i – Actuación 2: “Campus de Especialización”.

Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i.

CENTRO: Vicerreitoría de Economía, Infraestrutura e Sustentabilidade.

OBXECTO DO CONTRATO:

Contratación de Técnico Superior para realizar tarefas de administración e xestión (ver memoria).

LUGAR E HORARIO: Edificio CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions). Horario: 37,5 h./semana en horario de luns a xoves de 8:30 a 14:30 y de 16:00 a 18:00; Venres de 9:00 a 14:30.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐ * Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación ☐ Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☒ Axudante administrativo ☐XORNADA Tempo Completo: ☒ Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN 5 meses DATA APROX. DE INICIO 01/07/2018

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.706,25€

PARTIDA ORZAMENTARIA: 020044A220.422D.64000

* O pagamento da retribución realizarase en mensualidades (inclúese en cada mensuralidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado, Graduado ou Enxeñeiro

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: veis@udc.es

PRAZO: 5 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (Domingo Calvo Dopico), Directora do Campus Innova (Susana Ladra), e Directora do Campus da Sustentabilidade (Adina Dumitru)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios sede electrónica da UDC

A Coruña, 4 de xuño de 2018

Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Asdo: Domingo Calvo Dopico

Documentación que debe presentar o solicitante:

Fotocopia D.N.I.

Fotocopia da titulación académica.

Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

**MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN****DATOS DO PROXECTO**

Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i.

Referencia: Convenio de I+D+i – Actuación 2: "Campus de Especialización".

Coordinador do Convenio: Domingo Calvo Dopico

DETALLES DA CONVOCATORIA

Tarefas a realizar: Colaborar nas tarefas relativas a xestión do convenio vinculado ao Campus da Sustentabilidade, que consistirán en:

- Administración e xestión das tarefas asociadas as diferentes accións do convenio (lanzamento do campus, xestión da oficina técnica, colaboración nas actividades de promoción e difusión, investigación e transferencia e internacionalización).
- Xestión do lanzamento do Campus da Sustentabilidade.
- Elaboración dos pregos de prescricións técnicas ou dos contratos menores para realizar as contratacións dos servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades de lanzamento do campus, xestión da oficina técnica, promoción e difusión e investigación ou transferencia.
- Coordinación e seguimento tanto dos diferentes plans de acción como da xustificación das actividades do convenio
- Elaboración de plans de viabilidade da nova oferta académica vinculada ao Campus da Sustentabilidade.
- Organización de eventos de promoción e divulgación do Campus da Sustentabilidade e colaboración, cando sexa necesario, con algunhas das actividades asociadas ao Campus Innova.

O actual plan dos campus de especialización contempla a posibilidade de continuar para o bienio 2019-2020, o cal vai a depender da aceptación da nova oferta académica, dos novos proxectos de investigación e transferencia que se presenten durante o próximo semestre e do rendemento de tódalas actividades a desenvolver que están programadas dentro do actual convenio.

Xustificación da duración do contrato: A duración para estas tarefas estimase en 5 meses cunha dedicación a tempo completo.

Requisitos dos candidatos:

- Licenciado, graduado ou enxeñeiro
- Experiencia laboral acreditable en administración e xestión

Criterios e valoración de méritos:

- Expediente académico da titulación: máximo de 2 puntos.
- Expediente académico de Mestrado ou equivalente en Administración e Xestión de Empresas: máximo de 2 puntos.
- Expediente académico de Mestrado ou equivalente en Xestión da Innovación: máximo de 0.5 puntos.
A puntuación dos expedientes académicos obterase multiplicando o número total das cualificacións de 10 e 9 por 3 puntos, o de 8 e 7 por 2 puntos e o de 6 e 5 por 1 punto. Os puntos obtidos dividiranse polo número de materias.
- Competencia lingüística acreditable do idioma inglés: máximo de 1.5 puntos.
- Experiencia laboral acreditable en administración e xestión: máximo de 2 puntos.
- Outros méritos non considerados nos puntos anteriores. Valorarase a formación ou experiencia adicional (prácticas, xornadas, etc.): máximo de 1.5 puntos.
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario: máximo de 3 puntos.

En base a esta valoración establecerase unha orde priorizada dos/as candidatos/as. Será adxudicatario o/a candidato/a de maior puntuación. Co resto dos/as candidatos/as, e respetando esa orde priorizada polos méritos, confeccionarase, exclusivamente para estas prazas, unha lista de agarda que se empregará para a contratación no caso de renuncia ou cese do candidato/a seleccionado/a.

Os documentos**Documentación que debe presentar o solicitante:**

- Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da web da UDC
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título e do expediente académico
- Curriculum vitae
- Xustificantes de méritos incluídos no CV
- Memoria xustificativa da experiencia con as tarefas a desenvolver (opcional)

Lugar de presentación: Por correo electrónico a veis@udc.es

Prazo de presentación: 5 días dende a publicación na sede electrónica da UDC

A Coruña, 4 de xuño de 2018

Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Asdo: Domingo Calvo Dopico